



**EIXOS
ESTRATEGICOS**

5. EIXOS ESTRATÉXICOS

Neste apartado imos ver algúns dos programas ou actividades que se realizan nas distintas Concellerías do Concello de Lugo, e que consideramos de relevancia para a saúde da poboación, segundo o estudo que estamos a levar a cabo.

Intentamos analizar como os distintos programas municipais entrarían a formar parte das melloras deseñadas para o Plan Municipal de Saúde, despois da análise dos datos da enquisa de poboación, a expertos e recollida de datos obxectivos que levamos a cabo para a diagnose de saúde. Posteriormente, estes programas imos incorporalos á estrutura de eixos estratéxicos sobre a que ordenamos os diferentes proxectos.

Ademais, estes programas que xa están en funcionamento se completarán con outras innovacións orixinadas da análise dos datos rexistrados. Esta información nos foi proporcionada polas propias Concellerías e nalgúns casos pola páxina web do Concello.

A continuación imos nomear os programas que consideramos máis relevantes de cada Concellería para incorporar ó Plan Municipal de Saúde.

5.1 Programas actuais en curso

5.1.1 Servizos Xerais, Participación Cidadá, Sanidade e Consumo

- Campaña de “Prevenção de Trastornos da alimentación (anorexia e bulimia)” nos institutos.
- Campaña de “Almorzos Saudables” nos colexios: co obxectivo de que os nenos se conciencien de que é moi importante almorzar e ademais de que tomen un almorzo san.
- Conferencia sobre “Seguridade Alimentaria. Manipulación dos alimentos”.
- Talleres de “Cociña divertida”.
- Curso de “Alimentación e nutrición”.
- Curso de “Aditivos alimentarios”, dirixido a responsables de comedores.
- Cursos de Micoloxía.
- Conferencia sobre “Consumo de medicamentos”.
- Desratización, desinfección e desparasitación nos colexios.
- Desratización tódolos venres durante todo o ano nas rúas de Lugo e arredores.
- Campañas de choque 3 veces ó ano: desratización intensiva.
- Xornada de “Sobreendebedamento familiar; como sobrevivir con hipoteca”.
- Conferencia “Decida vostede como face-las súas compras”.
- Curso de “Formación do consumidor inmigrante”.

5.1.2 Servizos Sociais, Muller e Benestar Social

- IV Xornadas locais sobre a violencia de xénero: faise unha profundización na lei orgánica de violencia de xénero, o maltrato a mulleres xitanas e discapacitadas e na violencia nas aulas.
- Proxecto “Máis por ti”: é un proxecto destinado á prevención da drogadicción; as actividades que se levan a cabo son: formación de voluntarios para a prevención, programas de conducción e drogas, actividades nas zonas de movida nocturna, etc.

- Taller de prevención nos centros educativos de primaria, a través do teatro: permite coñecer unha serie de factores introdutores ó consumo de droga, así como potencia-los factores de protección e loitar contra os factores de risco máis comúns a estas idades.
- Programa "Acceder": accións dirixidas a favorece-la integración da poboación xitana.
- "I Plan Municipal de Igualdade entre homes e mulleres de Lugo": os obxectivos son apoiar e fomenta-la participación social das mulleres, promove-la súa saúde integral e o seu benestar biolóxico, psicolóxico e social, realizar programas específicos para a prevención e educación en adolescentes, etc.
- Existe unha ampla programación de animación sociocultural nos centros sociais, esta programación é de carácter educativo-formativo.
- Entre os servizos sociais ofertados por este Concello se atopan: servizo de axuda no fogar, teleasistencia domiciliaria, prestación de emerxencia social, un programa de educación familiar, vivendas sociais, un programa de inclusión social, etc.
- Programa de Atención Primaria: información, orientación e asesoramento.

5.1.3 Educación

- Programa "Convivir xuntos": dirixido a profesores, para mellora-la convivencia nas aulas e establecer pautas de comportamento para solucionar-los conflitos sen violencia.
- Ciclo de charlas "¿Que educación queremos? Os Sistema educativo a debate": incluído dentro do programa de actividades de formación para o profesorado.
- Programa "Unha escola aberta": O obxectivo principal deste programa é responder ás necesidades familiares derivadas do desfase entre horarios escolares e laborais, atendendo os nenos antes do inicio das clases e ás horas da comida.
- Programa de educación viaria: consiste en motiva-los escolares na aprendizaxe e o cumprimento das normas de tráfico e en sensibilizalos e conciencialos na prevención de accidentes.
- XV Mostra de Teatro Infantil
- Actividades extraescolares: danzas, gaitas, contacontos, xadrez,...
- "Semana da oralidade": Animación á lectura,...

5.1.4 Xuventude

- Programa "Xuventude Previlugo": dirixido a alumnos de ESO e BAC. O seu obxectivo é promover entre a xuventude lucense realidades necesarias como técnicas de estudio, educación para a igualdade, prevención ante o consumismo, a drogadicción, os embrazos non desexados e as enfermidades de transmisión sexual.
- Proxecto "Muralla Musik Festival": é un festival de música durante unha fin de semana continuado.
- "Arde Lucus": é unha festa temática que durante unha fin de semana transforma a cidade nunha antiga polis romana. Con esta festa foméntase a convivencia e a educación en valores como a colaboración e a solidariedade.
- Programa "Elixé @ túa noite": baséase en ofertar un ocio alternativo.
- Proxecto "Máis por ti".
- Certame "Lucus Augusti": pintura, relato curto, poesía, fotografía, etc.
- Concurso de Graffiti's: apoiando a arte urbana e a estes artistas.
- Programa "Pasa o verán connosco": consiste nunha serie de talleres na rúa como paint-ball, xinkana, curso de DJ's, scalextric, taller de rap,...
- Programa "Non rompa-la cabeza!!! Leva o casco": campaña para fomenta-lo uso do casco.

5.1.5 Emprego

Programas de formación-emprego:

- Programa "Lugo Social", da iniciativa Comunitaria Equal: dirixido a mozos de 16-25 anos con fracaso escolar e proveñentes de medios desfavorecidos, mulleres con cargas familiares non compartidas e mulleres que exerceran a protitución e inmigrantes.
- Programa "Lugo, cidade próxima": dirixido a persoas de medios desfavorecidos.
- Programa "Lugo, abrindo camiños": é un programa de promoción de emprego.

Existe tamén unha escola para o Emprego e un Centro de Empresas e Innovación nos que as persoas emprendedoras poden asesorarse sobre a creación de empresas.

5.1.6 Réxime Interior, Protección da Comunidade e Transporte

- Curso de Prevención de incendios forestais para voluntarios de Protección Civil.
- Curso de técnicas de conducción para persoal municipal (policía local, bombeiros, etc).
- Plan de Emerxencia Municipal: é un instrumento básico para o ordenamento e actuación ante calquera emerxencia.
- Campaña "Protexe a túa vida": charlas informativas sobre educación viaria para maiores.
- Campaña "A seguridade viaria é cousa de todos": consiste en informar sobre as normas de circulación.
- Programa "Non rompa-la cabeza!!! Leva o casco": campaña para fomenta-lo uso do casco.

5.1.7 Medio Ambiente

- Programa da "Semana Europea da Mobilidade": o obxectivo é promove-lo uso do transporte público, coa realización de distintas actividades deportivas, educativas e de difusión para tódolos sectores da cidade.
- Programa "Cidade sen o meu coche": día sen coches.
- Programa "Axenda 21": programa de acción para o século XXI a ser adoptado por diversos países, sendo base de moitos programas de acción nacionais. O seu obxectivo é senta-las bases para un desenvolvemento sostible, como desigualdades e pobreza, protección da saúde, calidade do medio ambiente, biotecnoloxía, produción e xestión de residuos, educación ambiental, etc.

5.1.8 Urbanismo

- Rehabilitación de casas en ruínas: (actuacións xerais).
- Implementar polfticas tendentes á consecución dunha cidade máis integrada, harmónica e "habitabile". (Actuacións xerais).

5.1.9 Deportes

- Programa "Corre connosco" 2005-2006
- Cursos de natación.
- Escolas deportivas municipais, realízanse distintas actividades: hípica, piragüismo, colonias de verán, baloncesto, fútbol sala, voleibol, fútbol, etc.

5.1.10 Cultura e Turismo

- Festas de San Froilán.
- Semana do Teatro Clásico
- Semana da Música de Corpus.
- Semana Internacional da Maxia.
- Programa de Nadal: actuacións de teatro para público familiar.

5.1.11 Economía e Zona Rural

- Actuacións de mellora no tocante a saneamento e depuración de augas, alumeado e distintas actuacións que conlevan como obxectivo mellora-la calidade de vida dos cidadáns. (Actuacións xerais).

5.1.12 Infraestructuras

- Mellora continua en canto á creación e mantemento de equipamentos urbáns, rehabilitación de pavimentos, creación de espazos de ocio e espaxamento en relación o incremento da calidade de vida dos cidadáns. (Actuacións xerais).

5.2 Agrupación dos programas por categorías

Analizando os programas que expuxemos de cada Concellería observamos que varios destes os poderíamos agrupar; para facer esta agrupación baseámonos en que existen programas das distintas Concellerías que tratan as mesmas actividades ou categorías, polo tanto pensamos que algunhas destas se poderían realizar en coordinación entre elas, aínda que outras comprobamos que xa se realizan en coordinación, cousa que exporemos posteriormente:

As agrupacións que nós realizamos son as seguintes:

5.2.1 Educación

VIAL:

- Programa de educación viaria: consiste en motiva-los escolares na aprendizaxe e cumprimento das normas de tráfico e en sensibilizalos e conciencialos na prevención de accidentes.
- Programa "Non rompa-la cabeza!!! Leva o casco": campaña para fomenta-lo uso do casco.
- Curso de técnicas de conducción para persoal municipal (Policía Local, bombeiros, ...)
- Campaña "Protexe a túa vida": charlas educativas sobre educación viaria para maiores.
- Campaña "A seguridade viaria é cousa de todos": consiste en informar sobre as normas de circulación.

SANITARIA

- Campaña de "Prevención de transtornos da alimentación (anorexia e bulimia)" nos institutos.
- Campaña de "Almorzos saudables" nos colexios.

- Conferencia sobre "Seguridade Alimentaria. Manipulación dos alimentos".
- Curso de "Alimentación e Nutrición".
- Curso de "Aditivos Alimentarios", dirixido a responsables de comedores.
- Conferencia sobre "Consumo de medicamentos".

DROGAS E SEXO

- Proxecto "Máis por ti": é un proxecto destinado á prevención da drogadicción; as actividades que se levan a cabo son: formación de voluntarios para a prevención; programas de condución e drogas, actividades nas zonas de movida nocturna, etc.
- Taller de prevención nos centros educativos de primaria, a través do teatro: permite coñecer unha serie de factores introdutores ó consumo de drogas, así como potencia-los factores de risco máis comúns a estas idades.
- Programa "Xuventude Previlugo": dirixido a alumnos da ESO e BAC. O seu obxectivo é promover entre a xuventude lucense realidades necesarias como técnicas de estudo, educación para a igualdade, prevención ante o consumismo, a drogadicción, os embrazos non desexados ou as enfermidades de transmisión sexual.

AMBIENTAL:

- Curso de Prevención de incendios forestais para voluntarios de Protección Civil.
- Programa da "Semana Europea da Mobilidade": o obxectivo é promover-lo uso do transporte público, coa realización de distintas actividades deportivas, educativas e de difusión para tódolos sectores da sociedade.
- Programa "Cidade sen o meu coche". Día sen coches.
- Programa "Axenda 21": programa de acción para o século XXI a ser adoptado por diversos países, sendo base de moitos programas de acción nacionais. O seu obxectivo é senta-las bases para un desenvolvemento sostible, como desigualdades e pobreza, protección da saúde, calidade do medio ambiente, biotecnoloxía, produción e xestión de residuos, educación ambiental, etc.

SISTEMA EDUCATIVO:

- Ciclo de charlas "¿Que educación queremos? O sistema educativo a debate": incluído dentro do programa de formación para o profesorado.

5.2.2 Igualdade, Inserción Social e Laboral

IGUALDADE:

- "I Plan Municipal de Igualdade entre homes e mulleres de Lugo": os obxectivos son apoiar e fomenta-la participación social das mulleres, promove-la súa saúde integral e o seu benestar biolóxico, psicolóxico e social, realizar programas específicos para a prevención e educación en adolescentes, etc.
- IV Xornadas locais sobre a violencia de xénero: faise unha profundización na lei orgánica de violencia de xénero, o maltrato a mulleres xitanas e discapacitadas e na violencia nas aulas.
- Programa "Convivir xuntos": dirixido a profesores para mellora-la convivencia nas aulas e establecer pautas de comportamento para solución-los conflitos sen violencia.

INSERCIÓN SOCIAL:

- Programa "Acceder": accións dirixidas a favorecer-la integración da poboación xitana.

INSERCIÓN LABORAL:

- Programa "Lugo Social", da iniciativa Comunitaria Equal: dirixido a mozos de 16-25 anos con fracaso escolar e proveñentes de medios desfavorecidos, mulleres con cargas familiares non compartidas e mulleres que exerceran a protitución e inmigrantes.
- Programa "Lugo, cidade próxima": dirixido a persoas de medios desfavorecidos.
- Programa "Lugo, abrindo camiños": é un programa de promoción de emprego.

5.2.3 Ocio

- Existe una ampla programación de animación sociocultural nos centros sociais, esta programación é de carácter educativo-formativo.
- XV Mostra de Teatro Infantil
- Actividades extraescolares: danzas, gaitas, contacontos, xadrez,...
- "Semana da oralidade": Animación á lectura,...
- "Arde Lucus": é unha festa temática que durante unha fin de semana transforma a cidade nunha antiga polis romana. Con esta festa foméntase a convivencia e a educación en valores como a colaboración e a solidariedade.
- Certame "Lucus Augusti": pintura, relato curto, poesía, fotografía, etc.
- Concurso de Graffiti's: apoiando a arte urbana e a estes artistas.
- Programa "Pasa o verán connosco": consiste nunha serie de talleres na rúa como paint-ball, xinkana, curso de DJ's, scalextric, taller de rap,...
- Programa "Corre connosco" 2005-2006
- Programa "Elixé @ túa noite": baséase en ofertar un ocio alternativo, realizando distintas actividades de ocio, desde unha perspectiva de comprometerse nunha educación de valores e responsable.
- Escolas deportivas municipais: realízanse diferentes actividades: hípica, piragüismo, colonias de verán, fútbol sala, baloncesto, voleibol, fútbol, etc.
- Festas de San Froilán
- Semana do Teatro Clásico.
- Semana de Música de Corpus.
- Semana Internacional da Maxia.
- Programa de Nadal: actuacións de teatro para público familiar.

5.3 Coordinación entre Concellerías

A continuación imos expoñer que programas destes se realizan en coordinación entre as distintas concellerías:

1. O "I Plan Municipal de Igualdade entre homes e mulleres de Lugo": lévano a cabo en coordinación tódalas Concellerías do Concello.
2. O Programa "Semana Europea da Mobilidade". Realizárono en colaboración as Concellerías de Servizos Sociais, Muller e Benestar

Social, Educación, Xuventude, Réxime Interior e Protección da Comunidade, Medio Ambiente, Deportes.

3. O proxecto "Máis por ti": lévano a cabo en colaboración dúas Concellerías que son as de Servizos Sociais, Muller e benestar Social, e a de Xuventude.
4. O programa "Elixé @ túa noite": tamén o realizan en colaboración as Concellerías de Servizos Sociais, Muller e Benestar Social e a de Xuventude, colaborando ademais con elas a Concellería de Deportes.
5. O programa "Non rompa-la cabeza!!! Leva o casco": lévano a cabo en colaboración a Concellería de Xuventude e Réxime Interior e Protección da Comunidade.
6. O programa "Almorzos Saudables" e o programa "Prevención de trastornos alimentarios (anorexia e bulimia)": realízanos en coordinación as Concellerías de Servizos Xerais e Educación.

5.4 Eixo Estratéxico I: Integración de Partes Interesadas

5.4.1 Descrición do Eixo Estratéxico

Conseguí-la implicación e participación de tódolos estamentos interesados e implicados na consecución dunhas condicións saudables no Concello.

5.4.2 Obxectivos Específicos e Accións

1. O "I Plan Municipal de Igualdade entre homes e mulleres de Lugo": lévano a cabo en coordinación tódalas Concellerías do Concello. Os obxectivos deste programa son promove-la saúde integral das mulleres e o seu benestar biolóxico, psicolóxico e social, realizar programas específicos de prevención e educación en adolescentes, etc.
2. O Programa "Semana Europea da Mobilidade": realizárono en colaboración as Concellerías de Servizos Sociais, Muller e Benestar Social, Educación, Xuventude, Réxime Interior e Protección da Comunidade, Medio Ambiente, Deportes. O obxectivo é promover-lo uso do transporte público, coa realización de distintas actividades deportivas, educativas e de difusión para tódolos sectores da sociedade.
3. O proxecto "Máis por ti": lévano a cabo en colaboración dúas Concellerías que son a de Servizos Sociais, Muller e Benestar Social, e a de Xuventude. É un proxecto destinado á prevención da drogadicción; as actividades que se levan a cabo son: formación de voluntarios para a prevención, programa de conducción e drogas, actividades nas zonas de movida nocturna, etc.
4. O programa "Elixé @ túa noite": tamén o realizan en colaboración as Concellerías de Servizos Sociais, Muller e Benestar Social e a de Xuventude, colaborando ademais con eles a Concellería de Deportes. Baséase en ofertar un ocio alternativo.
5. O programa "Non rompa-la cabeza!!! Leva o casco": lévano a cabo en colaboración as Concellerías de Xuventude e Réxime Interior e Protección da Comunidade. É unha campaña para fomentar-lo uso do casco.
6. O Programa "Almorzos Saudables" e o programa "Prevención de trastornos alimentarios (anorexia e bulimia)": realízanos en coordinación as Concellerías de Servizos Xerais e Educación.

INNOVACIÓNS

Obxectivo: Agrupar proxectos de distintas concellerías nun Obxectivo Común máis amplo (proxecto común máis xenérico) e poñer prazos de execución distintos para cada un de eles.

Proxecto: Cruzar proxectos de distintas concellerías cada dous anos para identificar similitudes neles, ou proxectos complementarios que se poidan agrupar nun máis xenérico.

5.5 Eixo Estratéxico 2: Educación , concienciación, formación e información para a participación cidadá

5.5.1 Descrición do Eixo Estratéxico

Incidir sobre a prevención como vía para conseguirla mellora e promoción da saúde no Concello, implicando os cidadáns directamente a través da súa participación nos procesos de decisión, con coñecemento de causa.

5.5.2 Obxectivos Específicos e Accións

1. Conferencia sobre "Seguridade Alimentaria. Manipulación dos alimentos".
2. Curso de "Alimentación e nutrición".
3. Curso de "Aditivos alimentarios" dirixido a responsables de comedores.
4. Curso de Micología.
5. Conferencia sobre "Consumo de Medicamentos".
6. Taller de prevención nos centros educativos de primaria, a través do teatro: permite coñecer unha serie de factores inductores ó consumo de drogas, así como potencia-los factores de protección e loitar contra os factores de risco máis comúns a estas idades.
7. Existe unha ampla programación de animación sociocultural nos centros sociais, esta programación é de carácter educativo-formativo.
8. Programa de Atención Primaria: información, orientación e asesoramento.
9. Programa "Convivir xuntos": dirixido a profesionais, para mellora-la convivencia nas aulas e establecer pautas de comportamento para solucionar-los conflictos sen violencia.
10. Ciclo de charlas "¿Que educación queremos? O sistema educativo a debate": incluído dentro do programa de actividades de formación para o profesorado.
11. Programa "Unha escola aberta": o obxectivo principal deste programa é responder ás necesidades familiares derivadas do desfase entre horarios escolares e laborais, atendendo os nenos antes do inicio das clases e ás horas das comidas.
12. Programa "Xuventude Previlugo": dirixido a alumnos de ESO e BAC. O seu obxectivo é promover entre a xuventude lucense realidades necesarias como técnicas de estudio, educación para a igualdade, prevención ante o consumismo, a drogadicción, os embrazos non desexados e as enfermidades de transmisión sexual.
13. Programa "Axenda 21": programa de acción para o século XXI a ser adoptado por diversos países, sendo base de moitos programas de acción nacionais. O seu obxectivo é senta-las bases para un desenvolvemento sostible, como desigualdades e pobreza, protección da saúde, calidade do medio ambiente, biotecnoloxía, produción e xestión de residuos, educación ambiental, etc.

INNOVACIÓNS

Obxectivo 1: Previ-la obesidade infantil.

Proxecto: Charlas informativas ó personal de centros educativos e ós pais dos alumnos sobre obesidade infantil.

Obxectivo 2: Educar sobre a colocación de piercings e tatuaxes.

Proxecto: "Vixía os teus piercings e tatuaxes".

Obxectivo 3: Previ-lo tabaquismo no mozos.

Proxecto: ¿Queres deixar de fumar?

5.6 Eixo Estratéxico 3: Atención a colectivos con necesidades especiais

5.6.1 Descrición do Eixo Estratéxico

Priorizar actuacións, coordinar esforzos e potenciar sinerxias para a optimización de recursos na asistencia aos colectivos con necesidades especiais.

5.6.2 Obxetivos específicos e accións

1. Curso de "Formación do consumidor inmigrante".
2. IV Xornadas Locais sobre a violencia de xénero: faise unha profundización na lei orgánica de violenciade xénero, o maltrato a mulleres xitanas e discapacitadas e na violencia nas aulas.
3. Programa "Acceder": accións dirixidas a favorece-la integración da poboación gitana.
4. Entre os servizos sociais ofertados neste Concello atópanse: servizo de axuda no fogar, teleasistencia domiciliaria, prestación de emerxencia social, un programa de educación familiar, vivendas sociais, un programa de inclusión social, etc.
5. Programa "Lugo Social": é un programa de formación-emprego dirixido a mozos de 16-25 anos con fracaso escolar e proveñentes de medios desfavorecidos, a mulleres con cargas familiares non compartidas e mulleres que exerceran a prostitución e a inmigrantes.
6. Programa "Lugo, cidade próxima": co obxectivo de axudar a encontrar emprego a persoas de medios desfavorecidos.
7. Programa "Lugo, abrindo camiños": é un programa de promoción de emprego.
8. Programa "Muller, Drogas e SIDA": guía de prevención.

INNOVACIÓNS

Obxectivo 1: Informar sobre o VIH (SIDA).

Proxecto: ¿Que está ocorrendo?

Obxectivo 2: Educar ós colectivos especiais na utilización racional dos recursos para conseguí-la súa autonomía.

Proxecto: "Teño que ser quen de facelo".

Obxectivo 3: Identifica-lo maltrato nos anciáns.

Proxecto: "O silencio non é a solución".

Obxectivo 4: Previ-los problemas bucodentais na poboación de nenos e anciáns.

Proxecto: "Plan de Atención Bucodental poboacional".

5.7 Eixo Estratéxico 4: Saúde e hixiene de infraestruturas

5.7.1 Descrición do Eixo Estratéxico

Evita-la ocorrencia de problemas na saúde dos cidadáns debido ás condicións e estado de infraestruturas públicas e privadas.

5.7.2 Obxectivos Específicos e accións

1. Desratización, desinfección e desparasitación nos colexios.
2. Desratización tódolos venres durante todo o ano nas rúas de Lugo e arredores.
3. Campañas de choque 3 veces ó ano: desratización intensiva.
4. Rehabilitación de casas en ruínas.
5. Implementar políticas tendentes á consecución dunha cidade máis integrada, harmónica e "habitabile".
6. Actuacións de mellora en canto a saneamento e depuración de augas, alumeado e distintas actuacións que conlevan como obxectivo mellora-la calidade de vida dos cidadáns.
7. Mellora continua en canto á creación e mantemento de equipamentos urbáns, rehabilitación de pavimentos, creación de espazos de ocio e esporecemento en relación ó incremento da calidade de vida dos cidadáns.

INNOVACIÓNS

Obxectivo 1: Educa-las familias sobre vivendas saudables.

Proxecto: "Adapta a túa casa á túa vida e á dos teus".

Obxectivo 2: Educar no respecto ó mobiliario urbán.

Proxecto: " A túa cidade é tamén a túa casa".

Obxectivo 3: Previ-los accidentes domésticos.

Proxecto: "Vixía a auga, o lume, o gas..."

5.8 Eixo Estratéxico 5: Saúde Ambiental

5.8.1 Descrición do Eixo Estratéxico

Promoción das condicións ambientais para evitar danos na saúde dos cidadáns.

5.8.1 Obxectivos específicos e accións

1. Programa de educación viaria: consiste en motiva-los escolares na aprendizaxe e no cumprimento das normas de tráfico e en sensibilizalos e conciencialos na prevención de accidentes.
2. Curso de prevención de incendios forestais para voluntarios de protección civil.
3. Curso de Técnicas de conducción para persoas municipal (policía local, bombeiros...)
4. Plan de Emerxencia Municipal: é un instrumento básico para a ordenación e actuación ante calquera emerxencia.

5. Campaña "Protexe a túa vida": charlas informativas sobre educación viaria para maiores.
6. Campaña "A seguridade viaria é cousa de todos": consiste en informar sobre as normas de circulación.
7. Programa "A Cidade sen o meu coche": día sen coches.

INNOVACIÓNS

Obxectivo 1: Informar sobre os problemas de saúde derivados da mala xestión dos residuos de utilización cotiá.

Proxecto: "A saúde e os residuos".

5.9 Eixo Estratéxico 6: Saúde Social e Calidade de Vida

5.9.1 Descrición do Eixo Estratéxico

Conciencia-la poboación acerca da importancia da calidade de vida como variable condicionante da saúde, e promover actividades destinadas a potencia-lo encontro e o fomento das relacións sociais.

5.9.2 Obxectivos específicos e accións

1. Talleres de "Cociña Divertida".
2. Xornada de "Sobreendebedamento familiar, como sobrevivir coa súa hipoteca".
3. Conferencia "Decida vostede como face-las súas compras".
4. XV Mostra de Teatro Infantil.
5. Actividades extraescolares: danza, gaita, contacontos, xadrez, etc.
6. "Semana da oralidade": animación á lectura.
7. Proxecto "Muralla Musik Festival": é un festival de música durante unha fin de semana continua.
8. "Arde Lucus": é unha festa temática que durante unha fin de semana transforma a cidade nunha antiga polis romana. Con esta festa foméntase a convivencia e a educación en valores como a colaboración e a solidariedade.
9. Certame "Lucus Augusti": pintura, relato curto, fotografía, poesía, etc.
10. Concurso de Graffiti's: apoiando a arte urbana e a este artistas.
11. Programa "Pasa o verán connosco": consiste nunha serie de talleres na rúa como paint-ball, xincana, curso DJ's, scalextrix, taller de rap,...
12. Programa "Corre connosco" 2005-2006.
13. Cursos de natación.
14. Escolas deportivas municipais, realízanse distintas actividades: hípica, piragüismo, colonias de verán, baloncesto, fútbol sala, voleibol, fútbol, etc
15. Festas de San Froilán.
16. Semana do Teatro Clásico.
17. Semana da Música de Corpus.
18. Semana Internacional da Maxia.
19. Programa de Nadal: actuacións de teatro para público familiar.

INNOVACIÓNS:

Obxectivo 1: Detecta-la malnutrición e deshidratación nos maiores.

Programa: Guía de alimentación básica e imprescindible.

Obxectivo 2: Educa-los familiares sobre a depresión nos anciáns.

Proxecto: "Agora é cando máis te necesitan".

Obxectivo 3: Incorpora-la enfermeira de enlace nos Centros de Día e axuda a domicilio.

Proxecto: "A enfermeira comunitaria de enlace: a túa enfermeira máis cercana".

Obxectivo 4: Formar en educación para a saúde os coidadores principais das persoas dependentes.

Proxecto: "É necesario coidarse para coidar".